

# 5. Fondos de Cooperación Territorial Europea (FCTE) "Cooperar é medrar xuntos."

## 5.1. Que son os Fondos de Cooperación Territorial Europea?

Os **Fondos de Cooperación Territorial Europea (FCTE)**, coñecidos tamén como Programas Interreg, son unha das ferramentas da Política de Cohesión da Unión Europea destinadas a promover a colaboración entre rexións e territorios de distintos países.

### Finalidade principal:

Eliminar barreiras fronteirizas e favorecer que os territorios veciños e/ou nun mesmo ámbito espacial-territorial ou espazo xeográfico, colaboren, compartindo recursos, ideas e solucións comúns para retos compartidos.

Desta forma, estes fondos artéllanse en cinco eixes de cooperación:

- 1. Cooperación transfronteiriza:** entre rexións que comparten fronteira terrestre ou marítima.
  - Exemplo: Galicia – Norte de Portugal.
- 2. Cooperación transnacional:** entre rexións dun mesmo espazo xeográfico amplo.
  - Exemplo: rexións do Arco Atlántico.
- 3. Cooperación interrexional:** entre rexións que non necesariamente comparten un marco xeográfico común. Pretende mellorar a Política de Cohesión da Unión Europea a través de boas prácticas e iniciativas conxuntas.
- 4. Rexións ultraperiféricas da Unión Europea:** específica para estes territorios, como por exemplo o Interreg MAC para Madeira, Azores e Canarias.
- 5. Cooperación de vecindade:** programa de colaboración con Estados veciños do Mar Mediterráneo (Chipre, Exipto, España, Francia, Grecia, Israel, Italia, Líbano, Xordania, Malta, Palestina, Portugal, Tunisia, Alxeria e Turquía).

Nesta ficha didáctica imos centrar a atención nos proxectos de **cooperación transfronteiriza**, concretamente nos proxectos da **Eurorexión Galicia – Norte de Portugal**.

### EXERCICIO

*Pregunta na túa casa ou investiga como era cruzar a fronteira con Portugal antes da entrada na Unión Europea. Que atrancos había? Como era o custe das chamadas? Que moeda había en España? E en Portugal?*



## 5.2 O POCTEP en Galicia. Obxectivos e Beneficiarios

O programa máis relevante dos incluídos en Interreg para Galicia é o POCTEP (Programa Operativo de Cooperación Transfronteiriza España–Portugal). Este programa financia proxectos de desenvolvemento conxunto entre as rexións fronteirizas, cunha dotación total de 475 millóns de euros para o período 2021-2027 (356 millóns provenientes do Fondo Europeo de Desenvolvemento Rexional FEDER).

É o maior programa de cooperación transfronteirizo da UE neste período 2021-2027. Para facilitar a xestión destes fondos, os 1.234 km de fronteira entre España e Portugal, que é unha das máis extensas de Europa, divídense en áreas de actuación, sendo Galicia e o Norte de Portugal unha delas. Así, o POCTEP permite que Galicia e o Norte de Portugal compartan proxectos en ámbitos como cultura, servizos, infraestruturas, educación, deporte ou mesmo estratexias conxuntas para afrontar problemas como os incendios forestais ou o despoboamento rural.

Para a mocidade galega, isto significa máis oportunidades de estudo, emprego, cultura e lecer nun espazo compartido: a Eurorrexión Galicia–Norte de Portugal.

### 5.2.1 Obxectivos do POCTEP 2021-2027

O POCTEP 2021-2027 ten como obxectivo xeral impulsar a cooperación transfronteiriza entre España e Portugal para afrontar desafíos comúns e mellorar o desenvolvemento económico, social e ambiental das rexións fronteirizas. O programa atende ás prioridades da política de cohesión da UE e inclúe unha quinta prioridade de reforzo da gobernanza.

- 1. Unha Europa máis intelixente:** favorecendo a innovación, a competitividade, a dixitalización e a consolidación de ecosistemas científico-tecnolóxicos no espazo transfronteirizo.
- 2. Unha Europa máis verde e baixa en carbono:** promovendo a transición enerxética limpa, a economía circular, a adaptación ao cambio climático e a xestión sostible dos recursos naturais.
- 3. Unha Europa máis social e inclusiva:** mellorando a inclusión social, facilitando o acceso ao mercado laboral, formación e servizos públicos.
- 4. Unha Europa máis próxima á cidadanía:** promovendo o desenvolvemento integrado e sostible de áreas urbanas, rurais e costeiras e fortalecendo a identidade do espazo fronteirizo.
- 5. Unha mellor gobernanza Interreg:** reforzando a cooperación institucional e a gobernanza multinivel entre entidades públicas e privadas das dúas beiras da fronteira.

### 5.2.2 Principais persoas e entidades beneficiarias do POCTEP

- **Cidadanía Cidadanía de Galicia e Norte de Portugal** entre outros.
- **Concellos e Deputacións:** a través de proxectos comúns con municipios portugueses.
- **Universidades e centros de investigación:** en áreas como saúde, medio ambiente ou tecnoloxía.
- **Empresas e PEMES:** que cooperan con socios portugueses en innovación ou internacionalización.
- **Asociacións xuvenís, culturais e deportivas:** que desenvolven actividades conxuntas.

## 5.3. Exemplos de utilización en Galicia

Achegamos diferentes exemplos de proxectos realizados polo POCTEP en Galicia-Norte de Portugal seguindo os obxectivos 2021-27

### Unha Europa máis intelixente

*Fomentar innovación, competitividade, dixitalización e cooperación científica e empresarial.*

- **HI\_MOV** → mobilidade con hidróxeno renovable
- **CoLogistics** → transporte e loxística transfronteiriza
- **POCTEP Aeroganp** → investigación aeroespacial
- **Clusters empresariais** → sectores automoción, téxtil, tecnoloxías mariñas, biotecnoloxía
- **Start-ups tecnolóxicas** → financiamento de proxectos conxuntos
- **CT-Bio** → investigación biomédica con hospitais galegos e portugueses

#### EXERCICIO

*Por que a cooperación entre empresas, universidades e centros tecnolóxicos é clave para a innovación transfronteiriza?*

### Unha Europa máis verde e baixa en carbono

*Promover economía verde, eficiencia enerxética, adaptación ao cambio climático e conservación do medio.*

- **GREEN GAP** → infraestruturas verdes e restauración de ecosistemas
- **Río Miño Transfronteirizo** → protección ambiental, conservación da biodiversidade, mellora da calidade da auga
- **FIREPOCTEP** → prevención e extinción de incendios forestais

#### EXERCICIO

*Por que é importante a cooperación transfronteiriza na prevención de incendios forestais como no FIREPOCTEP?*



## Unha Europa máis social e inclusiva

*Mellorar a inclusión social, acceso ao emprego, educación, saúde e igualdade de oportunidades.*

- **Creación das Eurociudades** → Tui–Valença, Chaves–Verín, Salvaterra–Monção (mobilidade laboral, servizos compartidos)
- **Cooperación sanitaria** → atención médica transfronteiriza
- **Programas xuvenís** → campamentos, intercambios estudiantís, actividades deportivas e voluntariado
- **DIETAT** → promoción da Dieta Atlántica e saúde comunitaria

### EXERCICIO

*Como mellora a cooperación sanitaria transfronteiriza o acceso á saúde da poboación?*

## Unha Europa máis próxima á cidadanía

*Promover desenvolvemento integrado e sostible, cultura, turismo, participación cidadá.*

- **ClusterTur\_GNP** → cooperación turística Galicia–Norte de Portugal
- **Eurociudades – servizos culturais** → festivais, concertos, cinema, teatro
- **Conto Viaxeiro Transfronteirizo** → proxecto educativo e cultural que circula entre escolas galegas e portuguesas
- **Programas culturais e deportivos conxuntos** → intercambios e eventos transfronteirizos

### EXERCICIO

*Por que os eventos culturais conxuntos reforzan a identidade do territorio transfronteirizo?*

## Mellora da gobernanza transfronteiriza

*Reforzar a cooperación institucional e a gobernanza multinivel entre administracións e cidadanía.*

- **NORTEAR** → proxectos culturais conxuntos e coordinación institucional

Se queres saber máis

<https://www.poctep.eu/>

<https://www.redpoliticaside.es/es/recursos/programas-financiacion-europeos/interreg-cooperacion-territorial-europea>